

NOTA DE PRENSA

19-febreiro-2014

CONSTITÚESE, EN VIGO, A PLATAFORMA DE APOIO ÁS MARCHAS DO 22M

Onte, mércores, tivo lugar en Vigo unha xuntanza para conformar unha plataforma de apoio ás marchas da dignidade dende a nosa cidade e bisbarra.

Participaron unha ducia de organizacións políticas, sindicais e plataformas cívicas que acordaron conxuntamente o apoio a columna galega das marchas o 22M e coincidiron na necesidade urxente de mobilización popular dende a unidade de todas as forzas políticas e sociais da cidade como única solución para contrarestar o ataque sistemático, e despiadado, co que o capital está a acosar á clase traballadora, e aos máis desfavorecidos.



Ca firme vontade de afondar, dende a unidade, na constitución de unha plataforma reivindicativa, aberta e permanente, en Vigo, que vaia máis aló do 22M, o STEG, a CGT, a CUT, o S.E. o SF-Intersindical, en representación do sindicalismo alternativo vigués, EU/IU, Esquerda Anticapitalista, as XX.CC. e os colectivos Ecoar, DRX, e a

Asociación galego-bolivariana Hugo Chávez, que manifestaron telefónicamente a decisión de sumarse á plataforma galega, xunto ca Marcha Mundial das Mulleres (MMM), que asistiu pendente de resolver nos seus órganos de dirección a decisión final de sumarse ou non, concordamos en apoiar a manifestación convocadapolo sindicalismo alternativo para o día 26 de Febreiro que, ás 8 da tarde sairá da Praza de Fernando o Católico en Vigo, e de concentrar esforzos para difundir os obxectivos das marchas organizando a columna que, dende Vigo, sairá o día 22 para Madrid, en autocar e/ou en tren.

Terminada a xuntanza se mantivo unha Rolda de Prensa que previamente estaba convocada para ás 12h. Máis información <http://marchasdadignidade.blogspot.com/>.

MANIFESTACIÓNS EN APOIO ÁS
Marchas da Dignidade



marchasdeladignidad.org | marchasdadignidade.blogspot.com | @marcha22mGalici | #Marchas22M

MÉRCORES 26 DE FEBREIRO ÀS 20H.
VIGO. PRAZA DE FERNANDO O CATÓLICO

FERROL. EDIFICIO DA XUNTA (PRAZA DE ESPAÑA)
A CORUÑA. PRAZA DE PORTUGAL | COMPOSTELA. PORTA DO CAMIÑO
LUGO. EDIFICIO DA XUNTA (RONDA DA MURALLA) | OURENSE. PAVILLÓN DE DEPORTES
VILAGARCÍA. AVDA. DA MARINA | PONTEVEDRA. PRAZA DA PEREGRINA

EMPREGO DIGNO CON DEREITOS OU RENDA BÁSICA | NON AO FAGO DA DÉBIDA: ILEGAL E ILEXÍTIMA
SERVIZOS PÚBLICOS PARA TODAS AS PERSOAS | DEREITO Á VIVENDA DIGNA PARA TODAS E TODOS

SF-Intersindical de Pontevedra

Rúa Areal 96-98 oficina 6 36201 – VIGO - Teléfonos: int. 929.272 ext. 986.22.20.60 - Fax: 986.43.64.58
sf.pontevedra@sindicatoferroviario.com - www.wix.com/sfpointersindical